

Fotografías, teatro e charla para concienciar sobre a situación das persoas refuxiadas en Pontedeume

O concello de Pontedeume acolle estas actividades como socio do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade cando a guerra en Siria xa provocou 5 millóns de desprazamentos

Pontedeume, 16 de novembro de 2018. Pontedeume acollerá ata finais de mes unha exposición fotográfica, con charla do autor incluída, e mais un espectáculo teatral para concienciar sobre a difícil situación das persoas refuxiadas. As actividades encádranse no plan de sensibilización promovido polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, entidade da que é socio o Concello,.

A mostra 'No colo da esperanza' amósase desde hoxe ata o día 29 de novembro no Centro de Maiores Municipal. Esperamos que o fotoxornalista Felipe Carnotto ofrezca unha charla na última semana deste mes. O reporteiro realizou as fotografías en 2015 na denominada "ruta dos Balcáns" e están protagonizadas principalmente por rapazas e rapaces que foxen da guerra en Siria canda as súas familias, na busca dun futuro próspero en Europa. A forza das imaxes pon o foco nas inxustizas que están a acontecer para que milleiros de persoas abandonen os seus fogares e camiñen en ringleiras durante horas, cruzando países como Turquía, Macedonia ou Serbia na procura de refuxio, coa esperanza de vivir en paz.

A relación entre Felipe Carnotto e o Fondo Galego bota a andar en 2014, cando o fotógrafo gaña o concurso Imaxes con Fondo II, no que o premio era unha viaxe a Nicaragua para retratar a realidade do país e os proxectos alí apoiados. Como freelance, o fotoxornalista de orixe brasileira afincado en Vigo ten publicado en xornais como **The Guardian**, **Der Spiegel**, **Financial Times**, **El País** ou a revista **Luzes**. En 2017 fíxose co recoñecemento á Imaxe do Ano no prestixioso certame Estação Imagem e no mesmo ano acada o Galicia en Foco.

O horario para visitar a exposición é :

Luns : de 16.00 ata 20.00 horas

Martes, xoves, sábados e domingos : de 10.00 ata 13.00 h. e de 16.00 ata 20.00 horas